



FACULTADE DE XEOGRAFÍA  
E HISTORIA

**Traballo de Fin de Grao:**

**A produción lítica do Corro dos Mouros (Adai, Lugo):  
análise e interpretación.**

**Autora:** Laura Silva Castelo

**Titora:** M<sup>a</sup> Pilar Prieto Martínez

**Departamento:** Prehistoria e Arqueoloxía

## Índice

<b>Resumo e palabras chave</b> -----	3
<b>1. INTRODUCCIÓN</b> -----	5
<b>2. MARCO XERAL DO TRABALLO</b> -----	10
<i>Plantexamentos</i> -----	10
<i>Obxectivos</i> -----	12
<b>3. METODOLOXÍA</b> -----	13
<b>4. RESULTADOS</b> -----	14
<b>4.1. Elementos de moenda</b> -----	16
<b>4.2. Cantos e núcleos</b> -----	20
<b>4.3. Aparello</b> -----	22
<b>4.4. Discos</b> -----	22
<b>4.5. Rodelas</b> -----	23
<b>4.6. Indeterminados</b> -----	24
<b>6. CONCLUSIÓNS</b> -----	27
<b>Agradecementos</b> -----	29
<b>Bibliografía</b> -----	29
<b>Índice de figuras</b> -----	33
<b>Índice de gráficas</b> -----	34
<b>ANEXOS</b> -----	35
<b>ANEXO I: Táboas de inventario</b> -----	35
<b>ANEXO II: Debuxos arqueolóxicos, figuras e gráficas</b> -----	62
<b>ANEXO III: Fotografías</b> -----	74

## **Resumo e palabras chave**

*Galego:*

Título:

A produción lítica de O Corro dos Mouros (Adai, Lugo): análise e interpretación.

Resumo:

Recóllese unha síntese sobre o material lítico documentado na campaña de escavación do ano 2024 no xacemento O Corro dos Mouros (Adai, Lugo). Este insíbese nos coñecidos como xacementos tipo ‘roda’, concepto que achega algunhas problemáticas referidas á súa funcionalidade e interpretación, mais que parece corresponderse con enclaves vinculados co mundo funerario e ritual. Mediante as novas perspectivas ao respecto, desenvólvese unha análise completa da industria lítica, destacando especialmente os útiles de moenda. Ademais, tamén se documentan outros elementos significativos, como son os discos e as rodela, xunto con evidencias vinculadas a material construtivo. Este breve traballo insírese dentro dos estudos sobre a lítica na Prehistoria Recente en Galicia, polo que tamén se refire unha pequena síntese a modo de introdución sobre a situación máis actual das investigacións. A descrición detallada dos obxectos constitúe o núcleo central do traballo, amosando cuestións de tipo morfolóxico e funcional a través da análise de cuestións como os contextos de aparición, a materia prima, a forma ou as pegadas de uso. En definitiva, preténdese resaltar a importancia de estudar o material lítico pulimentado, perseguindo acadar unha maior comprensión do mundo funerario e cerimonial do Bronce Final e Ferro I.

Palabras chave:

Industria lítica, moenda, Bronce Final e Ferro I, mundo funerario, xacementos tipo ‘roda’.

*Español*

Título:

La producción lítica de O Corro dos Mouros (Adai, Lugo): análisis e interpretación.

### Resumen:

Se recoge una síntesis sobre el material lítico documentado en la campaña de excavación del año 2024 en O Corro dos Mouros (Adai, Lugo). Este se inscribe dentro de los yacimientos tipo 'roda', concepto que genera algunos problemas respecto a su funcionalidad e interpretación, pero que parece corresponderse con enclaves vinculados al mundo funerario y ritual. Mediante las novas perspectivas al respecto, se desarrolla un análisis completo de la industria lítica, destacando especialmente los útiles de molienda. Además, también se documentan otros elementos significativos, como son los discos y las rodelas, junto con evidencias vinculadas a material constructivo. Este breve trabajo se inserta dentro de los estudios sobre lítica en la Prehistoria Reciente en Galicia, de modo que también se refiere una pequeña síntesis a modo de introducción sobre la situación más actual de las investigaciones. La descripción detallada de los objetos constituye el núcleo central del trabajo, mostrando cuestiones de tipo morfológico y funcional a través del análisis de los contextos de aparición, la materia prima, la forma o las huellas de uso. En definitiva, se pretende resaltar la importancia de estudiar el material lítico pulimentado, persiguiendo alcanzar una mayor comprensión del mundo funerario y ceremonial del Bronce Final y Hierro I.

### Palabras clave:

Industria lítica, molienda, Bronce Final y Hierro I, mundo funerario, yacimientos tipo 'roda'.

*Inglés*

### Title:

The lithic production of O Corro dos Mouros (Adai, Lugo): analysis and interpretation.

### Abstract:

This article presents a summary of the lithic material documented during the 2024 excavation campaign at O Corro dos Mouros (Adai, Lugo). This place corresponds to the 'roda' type sites, a concept that raises some challenges regarding its functionality and interpretation, but which appears to correspond to sites linked to the funerary and ritual

world. Using new perspectives on the subject, a comprehensive analysis of the lithic industry is developed, with particular emphasis on grinding tools. In addition, other significant elements, such as discs and rodelas, are also documented, along with evidence of construction materials. This brief work is part of the current studies on lithics in Recent Prehistory in Galicia and therefore includes a summary as an introduction to the most recent state of research. A detailed description of the objects constitutes the central core of the work, revealing morphological and functional issues through the analysis of their contexts of discovery, raw materials, form, and traces of use. In conclusion, the objective is to underline the importance of studying polished stone material, seeking to achieve a better understanding of the funerary and ceremonial world of the Late Bronze Age and early Iron Age.

Key words:

Lithic industry, grinding, Late Bronze Age and early Iron Age, funerary world, ‘roda’ type sites.

## 1. INTRODUCCIÓN

Nas respectivas intervencións arqueolóxicas sobre sitios vinculados á Prehistoria Recente en Galicia, apenas se prestou especial atención á cultura material pétreo, máis en concreto aos útiles pulimentados. Nesta liña, nos inventarios arqueolóxicos os líticos quedaron nunha notable inferioridade respecto dos elementos cerámicos e metálicos. Deste xeito, ábrese importantes baleiros á hora de interpretar, especialmente no período comprendido entre o Bronce Medio e Final e os inicios da Idade do Ferro. Coincide ademais cun gran baleiro na definición das prácticas funerarias, ao non contar con restos humanos que permitan esclarecer unha posible ritualidade. Cómpre mencionar que este traballo cinguese sobre a produción lítica dun xacemento en concreto, como é o Corro dos Mouros, tamén coñecido como A Roda de Adai ou o Castrillón, situado na parroquia de Santa María Magdalena de Adai, no concello de Lugo (Fig. 1). Ademais da problemática xa mencionada sobre o período a estudar, súmanse outros inconvenientes. Primeiramente, os

estudos actuais sobre a lítica parten dunha escasa referencia, así como tampouco existen tipoloxías sistematizadas, unicamente para o caso dos muíños. Ademais, unha terceira problemática vén dada polas dificultades á hora de definir o tipo de xacementos sobre os que se investiga, a nivel funcional e interpretativo. Neste sentido, como se referirá máis adiante, sitios como O Corro dos Mouros quizais constitúan un primeiro paso para chegar a unha maior concreción.

Tras estas consideracións iniciais, refírese unha breve introdución acerca da situación das investigacións. A nivel xeral, os estudos sobre a industria lítica en Galicia tivéronse centrado en contextos megalíticos, especialmente na industria da pedra tallada e nos útiles de corte atopados nos enxovais. Entre a cultura material pulimentada neste tipo de contextos identificáronse útiles como machadas, bólas, obxectos perforados ou mazas. Esta variabilidade de elementos insírese nunha cronoloxía bastante ampla, que abrangue desde o III milenio a. C. ata o 2000/1800 a. C. aproximadamente. Nos inicios destes estudos insírese na necesidade de elaborar tipoloxías (Fábregas e Fuente, 1988: 5-13) á fin de poder efectuar cronoloxías relativas e análises para interpretar os datos desde unha perspectiva histórica. Así, cómpre referir algúns casos onde a industria lítica foi obxecto dun estudo algo máis detallado. Un exemplo é o sitio de Monte Buxel (Redondela, Pontevedra), xacemento do Bronce Final onde a maior parte da industria lítica documentada é tallada, analizándose unicamente catorce pezas puídas. A materia prima predominante é o granito, habendo algúns exemplos en cuarcita e esquisto. Entre os útiles de moenda, destaca un dormente de gran tamaño que tería sido empregado polas dúas caras, así como un muíño naviforme (Lima e Prieto, 2002: 56-62). Así mesmo, destacan as intervencións na península do Morrazo, concretamente no concello de Moaña, nos xacementos de Monte dos Remedios (Bonilla e César, 2005), A Devesa de Abaixo-Os Torradoiros (Vázquez, 2005), O Regueiriño




Figura 1. Localización de O Corro dos Mouros no conxunto dos sitios tipo “roda” coñecidos (Prieto, 2024: 9).

(Lima, 2005; Prieto et al., 2005) ou Montenegro (Gianotti e Cancela, 2005; Tabarés e Vaqueiro, 2005), tamén con presenza de elementos de moenda realizados esencialmente en granito, así como algúns útiles de corte, percutores, machadas e puídos. A nivel xeral, este tipo de elementos adoitan aparecer en condicións bastante fragmentarias. En contextos castrexos da Idade do Ferro tamén se documentou material lítico de características similares. No Castro de Torroso (Mos, Pontevedra) rexistráronse fragmentos de muíños de vaivén, puídos, alisadores e discos (De la Peña, 1992: 40-41). No caso do Castro Pequeno de Neixón (Boiro, A Coruña) atopáronse muíños barquiformes, así como útiles tallados e mesmo unha grella fragmentaria de forno decorada con incisións (Ayán et al., 2011: 165). Fóra do ámbito galego, os estudos sobre a lítica tiveron seguido camiños semellantes, coa catalogación e descrición sen chegar a xerar unha sistematización moi consolidada. A cultura material amosa similitudes, destacando tamén os elementos vinculados á moenda. En xacementos da cultura dos “campos de hoyos”, atopáronse elementos deste tipo, destacando un muíño barquiforme da Fábrica de Ladrillos de Xetafe (Madrid) (Sánchez, 2012: 79-84).

Sumado ao feito de ser un ámbito pouco estudado, tampouco se conta con tipoloxías ao respecto. Unicamente emerxe unha breve sistematización para os muíños, especialmente no referido aos soportes. Atendendo ao xesto técnico realizado sobre eles, distínguese entre un movemento de vaivén, de rotación, ou de redución ou triturado. Á súa vez, establécense subdivisións a partir da morfoloxía do obxecto en particular (Teira e Amado, 2014; Pereira, 2023). Deste xeito, os *muíños de vaivén* están conformados por unha base chamada “dormente”, que adoita ser unha lousa alongada cunha superficie activa de sección plana ou cóncava na parte superior. A outra parte (*man*) é móbil, máis pequena e de forma redondeada, oval ou alongada, cunha cara activa puída e dorso irregular ou convexo. No noroeste ibérico os muíños de vaivén subdivídense en tres tipos, como son os de *artesa*, os planos ou de tipo *barquiforme*, e os muíños *rupestres* (Fig. 1, Anexo II). Os de *artesa* caracterízanse por contar cun rebordo exterior no seu extremo distal e/ou proximal. Os barquiformes, aínda que non adoita ser o habitual, poden presentar un pequeno rebordo nos laterais. E os rupestres localízanse en afloramentos rochosos ao aire libre, xeralmente vinculados a petróglifos. No caso do Bronce Final constatouse unha variabilidade considerable nas dimensións, habendo grandes soportes e outros máis

pequenos. En suma, obsérvase unha maior presenza de muíños en grandes bloques nos períodos máis antigos, mais tamén existe unha complementariedade con exemplares de menor tamaño. A principal característica na case totalidade dos muíños da Idade do Ferro é a ausencia de bordes na área de moenda, o que é significativo, xa que supón un avance respecto das morfologías precedentes. Isto vincularíase tamén coa presenza doutro tipo de marcas de uso, polo que estes artefactos non estarían só destinados á moenda, habendo evidencias de percusión, por exemplo. Unha dinámica observada sobre todo nos muíños planos, onde se terían combinado movementos circulares e de vaivén (Pereira, 2023: 332-337).

Entre os séculos V e IV a. C. teríase producido a introdución do outro gran tipo, o *muíño rotatorio* (Fig. 1, Anexo II), mais conséntase unha convivencia cos muíños de vaivén ata o cambio de era (Alonso, 2015). Este mesmo patrón tamén se ve reflexado noutras áreas, como demostran as tipoloxías de muíños tartésicos, evidenciando unha evolución dos de vaivén ata o século V a. C., e a introdución da rotación durante o Ferro II (Rodríguez et al., 2014: 211). Os muíños rotatorios constan de dúas pezas circulares que encaixan unha sobre a outra. A base inferior soporta a fricción dunha moa superior móbil que rota sobre ela (Teira e Amado, 2014: 274-276). Desde o punto de vista funcional, os muíños de vaivén serían utilizados en posición sentada, sostendo a súa base sobre as pernas e exercendo fricción sobre a cara activa mediante unha man de muíño ou moedeira cun movemento recto ou circular. En contraposición, os rotatorios terían suposto un avance técnico significativo, conlevando un menor desgaste físico, aínda que perdurou igualmente o uso dos de vaivén (Cerdeño et al., 2014: 258-259).

Outra problemática nas interpretacións sobre a industria lítica no Bronce Final e Ferro I en Galicia é a definición do tipo de xacemento no que se inscriben. Para o caso que aquí concirne a problemática vese incrementada, froito dos múltiples debates ao redor deste tipo de sitios, que se adoitan poñer en moi estreita relación coa cuestión funeraria. Nesta liña, entre os tipos de estruturas funerarias definidas para este período adóitanse diferenciar catro, como son cistas, túmulos, foxas e covas sepulcrais (Nonat et al., 2022: 130-148). Na maioría dos casos non se atopan restos humanos, polo que a súa adscrición a un contexto funerario vén definida polas características intrínsecas dos xacementos. Ante a estrañeza xerada pola escaseza de contextos funerarios do Bronce Final (Fig. 10,

Anexo II), adóitase pensar que se terían mudado as prácticas funerarias cara a outras que deixarían un menor ou case nulo número de restos, como a dispersión ou a súa introdución en contextos acuáticos, nun período onde proliferan os depósitos metálicos deste tipo en toda Europa. Porén, das revisións máis recentes extráese un novo tipo de xacemento vinculado coas prácticas funerarias, definido baixo a denominación de “roda” (Dumas et al., 2024: 152-155).

Algúns exemplos deste tipo de xacementos son Ventosiños e Vilamerelle-Fontenla (Cano et al., 2015; Nodar e Vidal, 2016). No caso de Ventosiños (Coeses, Lugo), presenta unha gran estrutura anular cun perímetro circular e un sistema de foxas. A nivel construtivo, documentouse a existencia dun foxo, así como estruturas de combustión, asociadas a elementos cerámicos e líticos. Diferenciáronse dúas fases para o xacemento: unha inicial, correspondente á construción de foxas circulares que poderían ter unha función funeraria; e unha segunda, que respondería a funcións de tipo cerimonial e prolongaríase bastante no tempo desde finais do Bronce Final, tal e como amosa a variabilidade tipolóxica do material, chegando ata inicios da Idade do Ferro. O foxo tería rodeado toda ou a maior parte da construción, contando con case 5 m de ancho na parte superior e cerca de 2,10 m de profundidade. No interior das foxas atopouse un importante número de cultura material, tamén lítica, destacando especialmente placas de esquisto con perforación central bitroncocónica. Tamén se documentaron buratos de poste, a maioría deles asociados a un elemento pétreo (Cano et al., 2015: 19-43). Pola súa banda, o sitio de Vilamerelle-Fontenla (Palas de Rei, Lugo) é un xacemento de importantes dimensións que na súa parte norte se correspondería cunha funcionalidade doméstica, evidenciada polas estruturas circulares asociadas a foxas e combustións. O material lítico está representado por unha considerable cantidade de discos perforados, algúns moi regularizados e puídos, de material similar á esteatita. Moitos deles aparecen decorados con incisións que forman motivos xeométricos (Dumas et al., 2024: 159-161).

No caso de A Roda de Barreiros, que lle dá nome a este tipo de xacementos, está rodeado por un foxo, un parapeto, un camiño e unha dobre muralla rechea de terra e pedras, circundando un espazo central de 30 m de diámetro, con 27 estruturas de pedra visibles que franquean a entrada (Prieto e Cordeiro, 2021: 188). A morfoloxía anular é o elemento

máis sobresaínte deste tipo de xacementos, constituíndo unha singularidade no panorama arqueolóxico galego (Cano et al., 2015: 17-19). Atendendo a estas características morfolóxicas, na imaxe LiDAR diferéncianse dúas zonas, como son un círculo central e un anel perimetral máis escuro que o rodea (Fig. 2, Anexo II). As dimensións destes sitios oscilan entre os 55 m de diámetro interior e os 74 m no exterior, como é o caso de Outeiro Grande (Lalín, Pontevedra), o maior rexistrado ata o momento, e os 23 m de diámetro interior e 35 m no exterior do caso de Monte Buxel, o de menor tamaño (Prieto e Cordeiro, 2021: 190-191).

O Corro dos Mouros insírese dentro deste novo tipo de xacementos, despois de terse desbotado a súa identificación como castro ou “henge”. Nas respectivas intervencións constatouse a presenza dun muro perimetral que circunda un recinto anular. Atendendo á súa morfoloxía externa, conforma unha especie de outeiro, mais non moi elevado, posto que o conxunto non se sitúa no punto de máis altura da zona. Conta así mesmo coa presenza dun foxo de considerable envergadura. O sitio entronca cunhas dimensións de entre 46 e 56 m, polo que ten un tamaño mediano. Trátase dun conxunto de difícil definición, e aínda non se chegou a unha concreción moi clara sobre a súa función, feito polo que se fai necesario seguir desenvolvendo campañas de escavación e analizar máis pormenorizadamente os restos. Os estudos sobre os xacementos escavados revelan unha importante complexidade desde o punto de vista estratigráfico e estrutural, posto que neste último caso tamén se constata a presenza de estruturas no exterior dos recintos parapetados.

## **2. MARCO XERAL DO TRABALLO**

### *Plantexamentos*

Na maioría dos xacementos aos que se fixo mención, un conxunto material en común é o constituído polos elementos de moenda, destacadamente os muíños. A análise deste tipo de obxectos é relevante desde o punto de vista tipo-cronolóxico, mais tamén permite achegar información sobre as actividades e modos de aproveitamento do entorno das comunidades prehistóricas. Estoume a referir á primeira función atribuíble a este tipo de obxectos, observable a través dos estudos arqueobotánicos mediante os que é posible

establecer unha relación entre o tipo de muíño e o produto de moenda (Cerdeño et al., 2014: 258-267). Constátase entón que os produtos máis habituais entre os labores de moenda serían o trigo, a cebada, o millo miúdo e a landra. Ademais dos vexetais, tamén estarían dedicados á moenda de minerais, así como vinculados a funcións “apotropaicas” (Teira e Amado, 2014: 282-285). As reutilizacións de muíños poderían ter algunha función deste tipo, outorgándolles un significado concreto dentro dunha práctica social. E é que a maioría aparecen fragmentados e reutilizados como material construtivo, estando fóra dos contextos relacionados coa súa primeira función. Nalgúns casos, debido ao seu menor tamaño, serían obxectos sen un lugar fíxo, transportados dun sitio a outro. Porén, a perspectiva aquí seguida céntrase nas interpretacións funerarias, mais non unicamente, senón que séguese a visión de que as comunidades do Bronce Final terían acudido ao sitio nunha liña ritual:

*“Nosotros exponemos una cuarta opción para interpretar la función de estos yacimientos que, en realidad no excluye las opciones anteriores, sino que las envuelve. Por una parte, este tipo de sitios parecen claramente necrópolis, pero probablemente no respondan a una función únicamente funeraria, donde las personas o comunidades entierran a sus muertos y van esporádicamente a visitar.”* (Prieto, 2024: 10)

Poderían ser sitios de agregación de diferentes comunidades que se reunirían quizais para o intercambio de obxectos, persoas e ideas. Isto explicaría a aparición de restos domésticos nun contexto estraño e que non adoita ser habitual. Desde o punto de vista cronolóxico, as datacións máis recentes amosan un abano que abrangue desde o 1600 a. C. ata un momento avanzado do primeiro milenio a. C. É dicir, constataríase o uso do xacemento tamén na Primeira Idade do Ferro, entre os séculos VIII e VI a. C. A este respecto, estase a traballar na publicación dun estudo (Prieto, 2024: 8-11). Á súa vez, nas proximidades da Roda de Adai documentáronse estruturas significativas, entre as que destaca a “longhouse” de Pena Fita, xunto cunha contorna de mámoas, petróglifos e muíños rupestres. A “longhouse” correspóndese cunha construción de planta elíptica nun afloramento rochoso a ras de chan, de acentuada inclinación na parte máis meridional. Respondería a dous momentos construtivos diferentes, un na segunda metade do II milenio a. C. e outro a inicios do I milenio a. C., coincidindo coa presenza das estacións rupestres meridionais, posto que os motivos principais (cazoletas, cruces inscritas en círculos e piletas) permiten establecer a súa cronoloxía en torno ao Ferro I. A nivel

funcional, descártase o seu uso habitacional en favor dun ámbito de desenvolvemento de actividades sociais de carácter estacional, como reunións, festíns, cerimoniais ou intercambios (Vázquez et al., 2015: 21-28). Durante o Ferro I o lugar seguiría sendo un punto de atracción para as diferentes comunidades, o que se ve ratificado polas modificacións que varios motivos rupestres tiveron sufrido no seu interior:

*“Esta reutilización parece estar profundamente ligada a ceremonias protagonizadas con el líquido elemento, por lo que no sería descartable su posible correspondencia con un templo o santuario del Hierro.”*  
(Vázquez et al., 2015: 28)

Nesta liña, a hipótese sobre a funcionalidade cerimonial do sitio vese reforzada pola existencia de xacementos visibles e articulados conformando unha paisaxe sagrada. Na mesma medida, a análise que a continuación se amosa sobre a produción lítica permite achegar máis datos. Os elementos que contribúen a reforzar a vinculación co mundo funerario son as rodela e discos, obxectos singulares que tamén se documentaron en Ventosiños e Vilamerelle (Dumas et al., 2024). O conxunto arqueolóxico do Corro dos Mouros tende entón a definirse como un lugar significativo para o desenvolvemento de novas interpretacións sobre estes sitios da Prehistoria Recente galega. Referidas estas cuestións, o plantexamento a seguir para a interpretación das evidencias líticas céntrase nunha adscrición funeraria do sitio, así como tamén un lugar de encontro de comunidades, nun sentido ritual e cerimonial.

### *Obxectivos*

En suma, o presente traballo pretende amosar os elementos líticos documentados no Corro dos Mouros durante a segunda campaña de escavación, de 2024. Perséguese definir os elementos máis característicos mediante unha descrición pormenorizada, sumada a unha análise e interpretación posterior, inserida dentro das perspectivas máis recentes ao respecto. Trátase igualmente de xerar unha certa sistematización dos diferentes grupos de elementos, sinalando aspectos xerais sobre a súa morfoloxía, funcionalidade ou contexto de aparición. Na mesma liña, refírense cuestións máis concretas en relación á materia prima da que están elaborados, así como o seu nivel de conservación, posibles reutilizacións, dimensións, cores ou marcas de uso.

O traballo consta así mesmo dunha importante parte práctica, como se refire a continuación, froito de ter participado como voluntaria na campaña de escavación xa mencionada. Así, outro dos principais obxectivos implica unha compoñente de aprendizaxe dentro do ámbito formativo universitario, a través da participación nas últimas tarefas no proceso de obtención de datos, así como na interpretación a partir da análise directa dos obxectos, coa posterior redacción final dos resultados, aquí recollidos.

### **3. METODOLOXÍA**

Dentro do labor de análise dos materiais deuse primeiramente unha fase de rexistro dos materiais chegados da escavación seguindo a orde numérica do traballo de campo. Neste marco, a revisión dos datos no laboratorio resulta moi importante, posto que as perspectivas sobre os materiais poden variar en gran medida. Aínda que faise necesario manter unha liña de continuidade, de maneira que se perda a menor información posible (Cobas e Prieto, 1998). Tamén se realizou unha fase de xestión e tratamento dos materiais, mediante o lavado e siglado dos restos, constituíndo un tempo aproximado dunhas tres semanas. Abandonouse entón a orde derivada do rexistro de escavación e procedeuse cunha ordenación por grupos de materiais. Na lítica seguiuuse unha clasificación un tanto máis complexa e desenvolvida, establecendo unha división por tipos de elementos, así como por tamaños.

Na fase de estudo dos restos, fíxose unha descrición detallada, tamén coa medición e pesado das pezas, levando unhas dúas semanas (Anexo I). Os criterios metodolóxicos responden ao modo de rexistro da información a partir das fichas correspondentes, tal e como describen Cobas e Prieto (1998). No proceso descritivo empregouse terminoloxía propia, mais tamén extraída da bibliografía ao respecto, sobre todo para as tipoloxías de moenda e para a definición de certas marcas de uso (Fábregas, 1992; Fábregas e Fuente, 1988; Pereira, 2023; Pereira et al., 2022; Teira e Amado, 2014; Broz, 1998). En última instancia, procedeuse coas tarefas de fotografado e debuxo arqueolóxico. Para a realización das fotografías, preparouse adecuadamente a zona, evitando sombras e contrastes lumínicos. O proceso de fotografado e debuxo, en total supoñería un tempo de arredor dunha semana e media.

#### 4. RESULTADOS

Dentro da campaña de escavación de O Corro dos Mouros no ano 2024 documentouse un total de 2074 pezas, das cales 1477 son cerámica, 429 pallabarro e 167 líticos, xunto cun mineral de ferro, analizado xunto coa lítica (Gráfica 1). Tamén se analizou un lítico a maiores, correspondente cun muíño barquiforme atopado en superficie, sendo propiedade de J. F. Núñez Jato. Constátase entón a predominancia de elementos cerámicos, mais sen poder vincularse a contextos habitacionais, ao non haber evidencia de estruturas que pervivisen durante un longo período de tempo.

Para o caso da lítica, a materia prima predominante corresponde co contexto local, nomeadamente cuarzo, tratándose na súa maioría de extraccións de cantos rodados, cando non son cantos completos (Gráfica 2). Nos útiles de moenda, en contraposición co resto de xacementos deste tipo, o material predominante é o gneis por enriba do granito, como non adoita ser habitual. Aínda que a este respecto constátanse dúas excepcións de muíños realizados en soportes de gneis, procedentes do Monte das Cabanas, así como un dormite en gneis no Coto dos Mosquitos (Pereira, 2023: 352-353). No Corro dos Mouros tamén hai presenza de esteatita, esquisto e cuarcita, así como un pequeno núcleo de chorlo e o que parece ser cristal de rocha. Obsérvanse similitudes noutros xacementos galegos, como é o caso do Castro Pequeno de Neixón (Ayán et al., 2011: 165), onde os líticos están fabricados coa materia prima local: esquisto, cuarzo e cuarcita, ademais de cantos rodados. A grella de Neixón, mencionada ao inicio está realizada en esteatita (Fig. 3, Anexo II).

Para os útiles de moenda constátase que habería un proceso de selección da materia prima, dependendo da súa dureza, estrutura e dispoñibilidade no entorno próximo. Respecto dos materiais, o granito ofrece mellores condicións para a moenda, xa que permite unha maior facilidade de adaptación á función, así como á hora de obtelo e transportalo. No referido á estrutura, buscaríanse rochas que fosen lisas e ao mesmo tempo o suficientemente rugosas como para cumprir a función do triturado dos alimentos (Teira e Amado, 2014: 278).

A meirande parte dos obxectos recuperados durante a intervención arqueolóxica están fracturados ou incompletos, polo que non ofrecen toda información que puideran

transmitir. As dimensións a nivel xeral correspóndense con fragmentos de tamaño pequeno ou moi pequeno, habendo algúns exemplos medianos, e destacando algunhas pezas considerablemente grandes (Táboa 1, Anexo II). Neste sentido, os dormentes de muíño son os que presentan as dimensións maiores, xunto cunha gran peza de cuarzo, definida como “menhir”, á que me referirei máis adiante. Cos pesos acontece algo semellante, sendo as pezas máis pesadas os dormentes de granito e gneis, xunto co cuarzo de gran tamaño.

Respecto ás cores, na súa maioría corresponden con tonalidades brancas ou grisáceas, froito da materia prima da que están feitos os útiles. Como excepcións, o chorlo de cor negra e o núcleo do que parece ser cristal de rocha, cristalino. Os discos, pola súa natureza esquistosa, presentan tons grises e marróns. Entre os cantos, resaltan os de cor avermellada, rosácea ou alaranxada, polas características do cuarzo ou cuarcita que os compoñen. Así tamén, as tonalidades observadas permiten a súa contextualización relativa dentro do xacemento, ao ser o principal reflexo das pegadas post-deposicionais. Percíbense manchas amarronadas, grisáceas e escuras que evidencian a antigüidade e o paso do tempo sobre os materiais. Por outra banda, tamén se presentan restos de queimado nalgunhas pezas (Gráfica 3), na súa maioría correspondentes á fase recente, o que indica contextos de roza en períodos modernos e contemporáneos.

En conxunto, pódese establecer unha clasificación dos respectivos obxectos líticos por grupos de elementos, conformados por características morfolóxicas e funcionais. Aínda así, certas pezas que se atopaban demasiado fragmentadas non foi posible clasificalas, polo que se definen como “indeterminados”. Entre as demais defínense oito grupos: elementos de moenda, machacadores, cantos, discos, rodela e aparello construtivo, ademais dos núcleos e un alisador (Gráfica 4). A gran maioría correspóndese con obxectos pulimentados, nomeadamente os útiles de moenda, mais habendo tamén evidencias de puído nalgún canto, ademais das rodela.

O grao de conservación das pezas líticas non é moi favorable en xeral, froito de atoparse na súa maioría fragmentadas. Os obxectos que presentan unha mellor conservación son os cantos, estando en moitos casos completos ou semicompletos, quizais polas propias condicións do material, ademais de que non terían sufrido tantas modificacións á hora de fabricalos como o resto dos útiles. Os elementos que peor se conservan vincúlanse aos

labores de moenda ou triturado, sendo os moventes ou mans de muíño os que presentan unha maior dificultade á hora de determinar un posible modelo a seguir para a interpretación dos restos fragmentarios. No caso dos discos, non se conserva ningún exemplar completo, e a porcentaxe de conservación ronda o 25%. As rodelas, pola súa banda, presentan porcentaxes algo maiores, chegando nalgún caso a conservarse ata a metade da peza ou máis. Os elementos definidos como aparello construtivo presentan unha boa conservación, debido a estar confeccionados nun material consistente como o cuarzo. Respecto dos contextos de aparición, o material lítico atopouse tanto na fase recente como na de construción, uso e abandono do sitio (Gráfica 5). Os obxectos da fase de abandono apareceron nos derrubes do muro que circunda o recinto ou en zonas próximas ao foxo (Fig. 4, Anexo II).

A este respecto, merece especial atención un conxunto de pezas que foron atopadas nunha disposición diferente ao habitual, non sendo unha deposición natural. Destaca sobre todo un gran bloque de cuarzo (pz 1580), ao que me referín previamente, que se atopou fincado en posición vertical a modo de “menhir”. Xunto a esta peza situábanse tamén varios dormentes de muíño (pzs 1578, 1579 e 1104) que, aínda fragmentados, conservan unha importante porcentaxe e son de gran tamaño, ademais de que un deles presenta unha cazoleta e restos de queimado. A disposición singular deste conxunto de elementos, situados así mesmo no interior do recinto circundado polo muro, resulta especialmente significativa, como se dun “altar” se tratase (Fig. 5, Anexo II).

#### **4.1. Elementos de moenda**

Coma xa se mencionou, os obxectos vinculados ás tarefas de moenda son un dos grupos máis significativos do xacemento (Gráfica 6). No referido aos *dormentes*, presentan unha morfoloxía en xeral de tipo rectangular ou cuadrangular, habendo tamén algúns fragmentos que indican unha tendencia ovoide da peza no seu conxunto. A forma en planta segue igualmente este patrón, sendo difícil determinar un modelo común. A forma en sección amósase rectangular ou ovalada, na maioría dos casos sendo de tipo redondeado, mais algunhas pezas presentan un perfil máis anguloso. A nivel tipolóxico, inscríbense dentro dos muíños de vaivén, sendo en todos os casos barquiformes, e na súa maioría de soporte plano, aínda que hai algúns casos onde presentan formas máis cóncavas ou convexas (Fig. 2: pzs 681 e 1578). A pesar do alto grao de fragmentación, é

posible identificar algúns elementos como extremos ou laterais do soporte. Aínda que a maioría dos restos de dormentes son de pequeno ou moi pequeno tamaño, hai algúns exemplos de grandes dimensións, polo que a súa natureza fracturada fai pensar en que formarían parte de muíños de gran tamaño, que non serían transportables. Nesta liña, as dimensións do fragmento de maior tamaño sitúanse en 380 mm de lonxitude, 300 mm de anchura e 125 mm de grosor. Pola súa banda, o dormente de maior peso sitúase en 14,6 kg e conta cun 20% da superficie conservada, aproximadamente.

No referido ás pegadas de fabricación, obsérvase que a práctica totalidade dos dormentes presentan un puído integral, especialmente aqueles realizados en gneis de gran fino. Nesta liña, a conservación en fractura amosa na maioría dos casos un arestado redondeado ou mixto, o que indica un traballado consciente e desenvolvido na confección dos útiles. Algúns dos realizados en granito presentan un puído moi superficial ou ben non están puídos, o que indica que as condicións do propio material non precisaban de grandes modificacións para o seu posterior emprego. Respecto das marcas de uso, percíbense na meirande parte dos fragmentos recuperados evidencias de abrasión, así como repiqueteado ou marcas de pequenos golpes (Fig. 2: pzs 931, 681 e 1446). Tamén se observan marcas de pequenos rozamentos, tanto nas caras como nos cantos, o que fai pensar en útiles desta vez de menores dimensións e que serían transportados facilmente.

A nivel xeral, estes soportes presentan unha única cara activa, sobre a que se exercería o movemento de fricción preciso para a moenda. Isto correspóndese co que adoita ser habitual, posto que noutros contextos tense observado unha regularización do conxunto da peza mediante percusión, e un alisado na cara activa (Fábregas, 1992: 193). Mais, documentáronse ata cinco exemplos onde parece que se terían empregado de xeito activo ambas as caras do soporte, feito que remite de novo aos elementos de menor tamaño. Os cantos ou bordes, a pesar de estar fracturados en moitos casos, son de tendencia redondeada, habendo algúns máis planos. Nesta liña, non se observa a presenza de rebordes laterais que delimiten a zona de moenda, o que indica a súa correspondencia cunha tipoloxía barquiforme e non de artesá. Dentro dunha tipoloxía máis específica pódese establecer unha división entre aqueles dormentes que son de soporte plano, e os que son de tendencia cóncava ou convexa. Como modelo tipolóxico destaca o dormente

de granito completo atopado en superficie (muíño Núñez Jato, Anexo III), xa mencionado, sendo de tipo barquiforme e tendo unhas dimensións de 365 mm de lonxitude, 190 mm de anchura e 65 mm de grosor no seu punto central (Vázquez et al., 2015: 50).

Máis alá desta primeira funcionalidade, obsérvanse algúns elementos que puideron ser reutilizados, posto que presentan unha morfoloxía diferenciada, semellando que foron fracturados co propósito de empregalos como aparello construtivo. Trátase das pezas 1200 e 299 (Fig. 2), que ademais están realizadas co mesmo tipo de material e presentan un tratamento uniforme e un tamaño similar. Así mesmo, atopáronse outras catro pezas inseridas nos buratos de poste do interior do xacemento e documentadas como dormentes. Mais, o seu contexto de aparición indica un segundo uso, funcionando como calzos para o sostemento dos postes (Fig. 2: pz 1574). Nesta mesma liña, xa se mencionou o conxunto, único polo de agora, de dormentes aparecidos ao carón dun gran bloque de cuarzo definido como “menhir”, nunha disposición a modo de “altar”. Resulta significativa a peza 1104, un dormente barquiforme de soporte plano que presenta indicios de queimado e unha cazoleta lateral de 8 cm de diámetro e 1,5 cm de profundidade que podería ter funcionado como morteiro. Así mesmo, as pezas 1578 e 1579, dous fragmentos de gneis e granito respectivamente que poderían corresponderse con dormentes de gran tamaño (Fig. 2).




Figura 2. Algúns dormentes documentados na escavación.

Respecto das *mans de muiño*, presentan unha forma en planta ovalada ou cuadrangular irregular, aínda que algunhas das pezas atópanse fraccionadas. A forma en sección tende a ser ovalada ou rectangular, así como de tendencia xeralmente redondeada, aínda que as mans realizadas en granito presentan un perfil máis anguloso. As dimensións destes elementos constitúen un dos puntos sobre os que se sostén a súa funcionalidade, posto que a maioría dos obxectos parecen corresponder a un emprego como moas para exercer un movemento de fricción ou rozamento sobre os soportes. Entroncando con isto, o movente máis pesado que se documentou conta con 1381, 5 g.

De igual maneira que os dormentes, as pegadas de fabricación obsérvanse a través do puído, máis significativo nas mans realizadas en gneis, xunto coa presenza de cantos redondeados (Fig. 3: pz 646). Mais, na súa conservación en fractura non se percibe un tratamento tan desenvolvido como no caso dos dormentes, senón que as moas son en moitos casos cantos de pequeno ou mediano tamaño de gneis e granito que se terían extraído para a moenda. Respecto das pegadas de uso, o máis significativo son as marcas de rozamento nos cantos, que ademais constan de estrías grosas e bastante regularizadas, indicando un rodamento, ou mesmo abrasión nalgúns casos (Fig. 3: pz 1232). Ademais, tamén se documentou unha man que parece presentar restos de golpeo (Fig. 3: pz 1442). Neste último caso, identificouse coa tipoloxía dunha “moa desbordante” (Pereira, 2023), que se identifica con aqueles moventes de maior lonxitude, podendo chegar nalgúns casos a “desbordar” o longo da base. Empregaríanse con ambas mans mediante o exercicio de fricción en sentido vertical sobre o soporte. O resto dos moventes documentados responden a unha tipoloxía máis habitual, sendo moas de tendencia ovalada, ou cuadrangular nalgún caso, e de menor tamaño. Dentro das mans de muiño tamén se documentou algunha peza que, ao igual que os dormentes, puido ser reutilizada como material construtivo a modo de aparello, dadas as súas características morfolóxicas (Fig. 3: pz 370).

En última instancia, dentro dos elementos de moenda tamén se insire unha peza asociada a labores de triturado, que parece corresponderse cun soporte de *morteiro* realizado en gneis. Presenta unha forma en planta circular irregular e unha sección ovalada de considerable grosor, así como un canto redondeado e unha superficie puída, o que indica

un tratamento sobre a peza. A súa identificación como morteiro susténtase mediante a presenza de restos pronunciados de golpeo no seu anverso (Fig. 3: pz 401). Así mesmo, documentáronse tamén dúas pezas definidas como *machacadores* (Fig. 3: pzs 682 e 1913). A súa forma en planta é ovalada irregular e triangular, respectivamente, mentres que presentan en ambos casos unha sección ovalada e un canto redondeado, xunto cunha superficie puída, indicando un proceso de fabricación e tratamento. As marcas de uso observadas responden a restos de golpeo e de rozamento. Destaca neste sentido a peza 682, que presenta restos de pequenos golpes nun extremo, mais tamén nunha das caras, o que pode corresponder cunha dobre funcionalidade, sendo tanto machacador como morteiro. Outro elemento realizado en gneis documentouse como un *alisador*, ao tratarse dun obxecto de pequenas dimensións que presenta unha forma rectangular bastante regularizada, conservándose aproximadamente a metade da peza, e constando dun canto redondeado e unha superficie puída (Fig. 3: pz 1495). A mosas restos de rozamento ou abrasión nunha das caras, así como de frotado no canto.




Figura 3. Mans de muíño máis representativas, machacadores e alisador.

#### 4.2. Cantos e núcleos

Outro elemento significativo, do que se documentaron ata 27 obxectos, son os *cantos rodados*, maioritariamente de cuarzo e cuarcita, mais habendo catro realizados en gneis (Gráfica 4). A maiores, aquí tamén se inclúe o gran bloque de cuarzo definido como “menhir”, que ten unhas dimensións de 385 mm de longo, 255 mm de anchura e 220 mm de grosor, e un peso de 33 kg. A nivel morfolóxico son de tendencia ovalada e bastante

regular, aínda que tamén hai pezas de tendencia rectangular. En xeral presentan un perfil ovalado e un canto redondeado, xunto cunha superficie puída nos realizados en gneis, o que revela un proceso de fabricación. Os feitos en cuarzo e cuarcita correspóndense con extraccións, sen que pareza que se aplicase un tratamento específico sobre os mesmos. Máis ben, daríase un proceso de selección dos máis aptos para o seu emprego. Nesta liña, as marcas de uso observadas corresponden a restos de pequenos golpes ou repiqueteados, xunto con evidencias de rozamento e frotado, maioritariamente nos bordes (Fig. 4). Entre os elementos máis significativos, destaca a peza 1829, que conta cunha morfoloxía a modo de “bifaz”, ao amosar restos de talla con tres extraccións nun dos seus extremos. Así tamén, a peza 859, un canto de cuarcita de forma irregular, moi puído e de cor alaranxada, quizais signo de deshidratación, e que ademais presenta evidencias de piqueteado. Tamén merecen mención as pezas 908 e 1217, un cuarzo negro e outro alaranxado froito da oxidación, que amosan claras evidencias de frotado no canto, xunto con algunha mostra de piqueteado. Ademais, as pezas 1188 e 1868, de reducido tamaño, mais de morfoloxía moi regular e contando con pulimento; no caso da segunda obsérvanse marcas de repiqueteado no centro do anverso (Fig. 4). Entre os obxectos tipificados como *núcleos* atópanse tres fragmentos de moi reducido tamaño, de chorlo, cristal de rocha e esteatita, respectivamente, ademais do mineral de ferro atopado e analizado xunto cos elementos líticos.




Figura 4. Algúns dos cantos máis representativos, ademais dos núcleos rexistrados na intervención.

### 4.3. Aparello

Así mesmo, tamén se atoparon ata 43 elementos que parecen corresponderse con *aparello* construtivo. A nivel morfolóxico presentan formas irregulares, mais pódense clasificar entre os que son de tendencia rectangular, os de tendencia cuadrangular, ou os de tendencia ovalada. O seu perfil é máis homoxéneo, así como hai unha certa similitude no tamaño e no grosor, e a peza deste tipo de maior peso conta cuns 2 kg. Tamén se observa un número considerable de fragmentos de moi pequeno tamaño, evidenciando posibles roturas polo desgaste e rozamento do material. Non amosan pegadas de fabricación, máis alá de que algúns elementos presentan as arestas redondeadas (Fig. 7, Anexo II). Dado que a gran maioría do aparello deste tipo é cuarzo de cor moi branca, interprétase como parte da coiraza do muro de peche do xacemento, onde tamén se atopou aparello en materiais como o gneis, froito de reutilizacións doutros elementos (Fig. 6, Anexo II).

### 4.4. Discos

Rexistráronse así mesmo 16 *discos*, todos de esquisto a excepción dun realizado en gneis (Fig. 5: pz 1458). A súa morfoloxía é de tendencia ovalada ou rectangular irregular, con algún exemplo que presenta unha tendencia máis circular. Son de sección ovalada e o seu canto é mixto, contando con arestas redondeadas e angulosas dentro da mesma peza, froito das condicións esquistosas do material que, ademais, tamén deixa un po brillante ao tocalo. Os fragmentos recuperados son de tamaño pequeno e mediano, ademais doutros de moi reducidas dimensións. Agás o realizado en gneis, presentan un grosor moi escaso, polo que non son pezas moi pesadas, contando a de maior peso con 1199, 5 g. Amósase o puído en case todos eles como unha pegada de fabricación. Ademais, as propias condicións do material permitirían descompoñer láminas de escaso grosor mediante percusión (Fábregas, 1992: 210-213), ao tratarse dun material que se desfai facilmente. Desde o punto de vista tipolóxico, estes elementos adóitanse clasificar entre aqueles que teñen perforación e os que non (Cano et al., 2015; Fábregas, 1992), mais neste caso non é posible adscribilos a esta tipoloxía, xa que non se conservan obxectos completos. Obsérvanse cinco pezas que presentan evidencias ou indicios de perforación, nalgún caso máis dunha (Fig. 5). Estas perforacións son de forma circular ou ovalada irregular, e a súa sección é de forma ovalada redondeada, a excepción de dous discos onde é rectangular

angulosa. O seu diámetro oscila entre 1 e 3 cm aproximadamente. En todos os casos a perforación semella estar nunha posición central, aínda que resulta difícil de determinar, dada a condición fragmentaria dos mesmos. Algunhas aproximacións que se poden facer sitúan o seu grao de conservación entre o 10% e o 30%, á marxe dun fragmento sen perforación que podería corresponder coa metade da peza (Fig. 5: pz 1931).




Figura 5. Algúns dos fragmentos de disco documentados, entre eles os que presentan perforación/s (pzs 1458, 400, 719, 1834 e 1677).

#### 4.5. Rodelas

Tamén se documentaron cinco posibles *rodelas*, realizadas en esteatita, un material que presenta unha escasa oscilación volumétrica ante a variación térmica, sendo idóneo para a fabricación de útiles que estarían en contacto co lume, aínda que tampouco é un material moi duro, sendo doado de raiar (Broz, 1998: 10). Descríbese como un bo material para os labores metalúrxicos, documentándose no noroeste peninsular varios moldes, como amosan os exemplos de Chao do Bordel (Vilalba, Lugo), do Castro de Borneiro (Cabana, A Coruña), ou do Neixón Pequeno (Boiro, A Coruña) (Lackinger, 2014: 346-348). Os exemplares do Corro dos Mouros presentan diferentes morfoloxías, habendo fragmentos de tendencia ovalada e circular e outros de tendencia rectangular, mentres que a súa sección é de tipo rectangular e redondeada. Son de tamaño mediano ou pequeno e a de

maior peso conta con 618,9 g. Amosan unha superficie moi puída, ademais de perforacións de tipo central e de forma circular, con seccións rectangulares e redondeadas. O diámetro das perforacións oscila, ao igual que os discos, entre 1 e 3 cm, e as porcentaxes de conservación dos fragmentos sitúanse entre o 25% e o 50%. A peza 2001, a pesar de non contar con perforación, identificouse como unha posible rodela en proceso de fabricación (Fig. 6).




Figura 6. Rodelas documentadas, todas con perforación agás a peza 2001 (núcleo de esteatita, posible preforma de rodela).

#### 4.6. Indeterminados

A maiores, documentáronse 17 elementos *indeterminados*, realizados en cuarzo, gneis e granito. Son de reducidas dimensións e presentan unha morfoloxía irregular, tanto en planta como en sección, amosando un perfil en xeral bastante anguloso. A súa descrición xeral, dadas as condicións do material, pode referirse como fragmentos líticos de antropía dubidosa. Aínda así, constátase algún elemento significativo, como a peza 113, que presenta evidencias de puído, así como posibles marcas de abrasión ou rozamento, polo que podería estar relacionada con labores de moenda. Ademais, a peza 216 presenta unha forma de media lúa e un posible fío no lado oposto ao córtex, quizais tratándose dun útil de corte, aínda que resulta difícil de determinar (Fig. 8, Anexo II).

### 5. DISCUSIÓN E INTERPRETACIÓN PRELIMINAR

Desde un punto de vista tipolóxico, os obxectos líticos coinciden co cambio de milenio ou comezos da Idade do Ferro (Pereira et al., 2022), a pesar da aparente variabilidade atopada no xacemento. En suma, obsérvase que a industria lítica está estreitamente

vinculada a dous tipos de labores, un primeiro relacionado coa preparación de alimentos. Mais ao mesmo tempo a actividade da moenda tería un papel destacado, tal e como evidencian os vestixios rupestres da zona (Pereira et al., 2022). Seguindo as interpretacións de tipo ritual, a funcionalidade de muíños e morteiros entroncaría coa idea dun uso comunitario e cerimonial. Un elemento que se relaciona estreitamente con isto é o dormente con cazoleta xa mencionado, que recorda así mesmo ás pedras con cazoleta de contextos megalíticos (Fábregas, 1992: 209). Do mesmo xeito, a deposición de muíños fragmentados quizais estea vinculada a unha posible ritualización, a diferenza do que se podería pensar como un descarte por non ser de máis utilidade. Así, mesmo se tivo atopado un muíño completo amortizado como material construtivo nunha vivenda de Santa Trega (Pereira, 2023: 330).

Un segundo labor relaciónase cos discos e as rodela. Os discos, pola súa banda, contan con dificultades interpretativas ao non existir unha sistematización desde o punto de vista cronolóxico e espacial. Polo momento, inscríbense cronoloxicamente no Bronce Final, como no caso de Ventosiños (Cano et al., 2015: 129), e chegando a inicios da Primeira Idade do Ferro no caso do Corro dos Mouros (Prieto, 2024). Parece que se trataría dun obxecto de tipo cultural e non funcional, quizais vinculado ao mundo funerario (Cano et al., 2015: 113), en contraposición das interpretacións como “tapadeiras” ou contrapesos que se teñen dado para este tipo de elementos (Fábregas, 1992). As rodela tamén son un conxunto material de difícil interpretación, descoñecéndose por completo a súa funcionalidade. Téñense atopado algúns exemplares que presentan decoracións, no Castro de Vilamor (Folgozo do Courel, Lugo) e no Castro de Meire (Melide, A Coruña) (Broz, 1998: 10-12), en contextos máis tardíos. Os motivos decorativos, ademais das perforacións, supoñen o principal indicio sobre o que se sustentan as interpretacións de tipo simbólico. Como reforzo das hipóteses de tipo funerario e cerimonial atópase a deposición de grandes fragmentos relacionados con elementos de moenda. No caso do Corro dos Mouros destaca o xa referido “altar” localizado no interior do recinto circular. Pezas líticas do xacemento de Monte Buxel (Lima e Prieto, 2002: 62) foron atopadas como mostra dunha deposición intencional, quizais como maneira de poñer remate ao uso da propia estrutura na que apareceron. Porén, o contexto de aparición deste tipo de muíños sitúase indistintamente en ámbitos funerarios e habitacionais, amortizados dentro das

diferentes estruturas ou como material construtivo. Resulta significativo o xacemento de Montenegro, onde os muíños enteiros aparecen no poboado, mentres que os fracturados están amortizados conformando unha estrutura circular (Gianotti e Cancela, 2005: 52). Nalgunhas ocasións os obxectos mesmo puideron sufrir modificacións froito dun segundo uso utilitario, previo á súa amortización. En definitiva, constátase que este tipo de deposicións dos obxectos respondería a algo máis que a un simple desbote dos mesmos, podendo ter implicacións de tipo simbólico, sobre todo nos casos que aparecen próximos a contextos funerarios. Así mesmo, “a documentación de exemplares decorados suxire que a actividade da moenda e o triturado trascendían do ámbito utilitario, incorporando un significado social ao binomio obxecto/actividade” (Pereira, 2023: 353).

Máis alá das deposicións e contextos de aparición, as interpretacións de tipo funerario, ante a ausencia de restos, apóianse sobre os resultados das mostras tomadas, revelando no caso de Ventosiños (Cano et al., 2015; Dumas et al., 2024; Prieto e Cordeiro, 2021) unha importante concentración de fosfatos. Entre o material lítico do sitio atopouse unha posible estela, descuberta en posición subvertical nunha pequena depresión preto da interrupción do foxo que circunda o recinto. A gran estrutura circular foi interpretada como unha construción cerimonial relacionada con fins funerarios. Do mesmo xeito, no caso de Fontenla obsérvase a asociación dunha gran estrutura circular a un conxunto de foxas de recheos diferenciados, na súa maioría seladas por un nivel de pedras. A cultura material presenta características comúns a nivel estilístico, especialmente no caso dos discos perforados. Estes elementos tamén son similares aos documentados en Xesteira das Palinas (Arzúa, A Coruña) e Os Castros (Vilalba, Lugo), onde se atoparon mostras palpables de evidencias funerarias. Outro sitio de comparación interesante é o caso de Malleville-sur-le-Bec (Eure, Francia), onde se atopou unha gran foxa circular con múltiples entradas e que se interpretou tamén nun sentido “relixioso” máis que defensivo ou residencial (Dumas et al., 2024: 163-164).

No Corro dos Mouros non se identificaron útiles tallados, así como o material carece doutros elementos que poidan relacionar o sitio cun enclave poboacional. Entón, quizais as comunidades do Bronce Final e inicios da Idade do Ferro tiveran acudido de xeito esporádico ao lugar. No interior do xacemento atopáronse depósitos cerámicos soterrados,

o que indica algún tipo de actividade en relación con ritos funerarios, a pesar de non terse atopado restos de cremación (Prieto, 2024: 112). A maiores, a gran cantidade de cuarzo branco atopado nos derrubes do muro de peche indican que terían conformado unha coiraza externa de gran visibilidade en toda a contorna, evidenciando un claro simbolismo orientado a monumentalizar o sitio.

A nivel de contorna resulta significativa a asociación deste tipo de xacementos a zonas cunha importante presenza de mámoas e petróglifos. Así tamén, os chamados “equipos de moenda rupestre” (Fig. 9, Anexo II), atopados na súa maioría na vertente máis occidental, sobre todo na provincia de Pontevedra. A nivel cronolóxico, o período de ocupación das contornas próximas aos muíños rupestres sería desde o III milenio a. C. ata a primeira metade do II milenio a. C., mais habendo exemplos máis tardíos como no Castro de Os Pericos (Ribeira, A Coruña) ou no Castro de Montealegre (Moaña, Pontevedra) (Pereira et al., 2022: 120-132). Na contorna do Corro dos Mouros, a xa mencionada “longhouse” de Pena Fita constitúe un exemplo atípico e excepcional, ao afastarse da funcionalidade doméstica en favor dun “centro de agregación social”. Segundo apuntaban Vázquez et al. (2015: 52), mediante a intervención arqueolóxica e a análise do recinto do Corro dos Mouros pódense confirmar algúns aspectos dentro da hipótese referida para a contorna onde se sitúa a “longhouse” de Pena Fita, co obxectivo de determinar a súa funcionalidade e cronoloxía a partir de datos máis contrastados. Así mesmo, as evidencias de modificacións nos petróglifos da zona, xunto cos indicios de presenzas posteriores na Pena Fita, indican que o lugar seguiu mantendo unha certa relevancia:

*“Esto podría sugerir que algunas estaciones de la Prehistoria Reciente de fuerte carga simbólica siguieron funcionando como áreas rituales en épocas posteriores, evidentemente reinterpretadas y reaprovechadas ideológicamente, en consonancia con las transformaciones de la época, a nivel social, a nivel conceptual, tanto espacial como temporalmente, y a nivel religioso.” (Vázquez et al., 2015: 28-29)*

## 6. CONCLUSIÓNS

A modo de peche, cómpre dicir que a análise da cultura material lítica do Corro dos Mouros achega datos que reforzan os plantexamentos máis recentes dados sobre este tipo

de xacementos. Os elementos pétreos documentados insírense na mesma liña que outros contextos semellantes, como son os casos de Ventosiños, A Roda de Barreiros ou Vilamerelle-Fontenla. Do mesmo xeito, obsérvase unha certa correlación morfolóxica con obxectos de períodos anteriores, inscritos na cultura megalítica, estreitamente en relación co ámbito funerario. Así tamén, desde un punto de vista funcional, especialmente no caso dos útiles de moenda, tívose dado unha certa continuidade tipolóxica en contextos castrexos posteriores, evidenciando os cambios máis significativos arredor do cambio de era, xa en época romana. Esta continuidade tamén se observa a nivel interpretativo, posto que as respectivas evidencias posteriores do sitio e da súa contorna amosan un posible mantemento do lugar como un punto de especial relevancia simbólica.

A este respecto, sumado aos vestixios da súa contorna, no interior do propio xacemento destaca de xeito considerable o modo de deposición dos elementos. Isto é, a aparición de todo un conxunto lítico disposto a modo de “altar”, así como o gran número de cuarzos brancos que terían conformado unha coiraza ao redor do sitio, sendo especialmente visible e tendo polo tanto interpretacións de tipo simbólico. Ademais, a superposición dos elementos líticos sobre depósitos cerámicos enteiros permite reflexionar sobre o uso do lugar como un conxunto funerario que tería recibido visitas esporádicas de poboación, quizais nun sentido cerimonial. Os restos desta última funcionalidade están conformados polos útiles fragmentarios de moenda, así como machacadores, morteiros e alisadores. Pola súa banda, outros elementos que contribúen a reforzar a hipótese simbólica do sitio son os discos e as rodela. En ambos casos constitúen conxuntos de difícil interpretación, mais non parecen ter funcionado como ferramentas, polo que se identifican como elementos de tipo ritual, dada a súa morfoloxía fráxil, sumada aos restos de perforacións e motivos decorativos nalgún caso. Aínda que continúa sen haber unha clasificación tipolóxica para este tipo de útiles e a súa definición funcional mantense descoñecida.

Por este motivo, faise necesario continuar coas intervencións e análises sobre este novo tipo de xacementos. Nesta liña, preténdese achegar algo máis de información sobre os baleiros do ámbito funerario no Bronce Final e Primeira Idade do Ferro en Galicia mediante a observación pormenorizada da cultura material e as relacións entre os respectivos elementos, ao non contar con restos doutro tipo que permitan establecer unha

maior concreción. Neste marco aínda quedan moitas cuestións a desenvolver, posto que este traballo supón unicamente un primeiro paso á hora de plantexar outras liñas, necesarias cara ao futuro. Isto é, traballos como o estudo traceolóxico das pezas, a experimentación, o traballo arqueométrico coas materias primas ou reconstrucións en 3D. Estes estudos permitirán comprender de forma máis didáctica os obxectos líticos, así como afondar nos seus contextos, coa posta en relación da lítica con outros elementos do xacemento.

### **Agradecementos**

Gustaríame agradecerlle á miña titora, Pilar Prieto, por terme ofrecido en primeiro lugar a oportunidade de participar na campaña de escavación que sustenta este traballo, e a partir de aí, por terme guiado no proceso de elaboración do mesmo. Así tamén, quero agradecer o labor de Pablo López Fernández, que tivo elaborado algunhas das figuras que empreguei. En suma, quixera expresar a miña gratitude con todas aquelas persoas que dalgún xeito me facilitaron a realización deste traballo.

### **Bibliografía**

- Alonso, N. 2015. “Moliendo en ibero, moliendo en griego”: aculturación y resistencia tecnológica en el Mediterráneo occidental durante la Edad del Hierro. *Veguetas: Anuario de la Facultad de Geografía e Historia*, 15, pp. 23-36.
- Alonso, N. e Frankel, R. 2017. A Survey of Ancient Grain Milling Systems in the Mediterranean, en Buchsenschutz, O.; Lepareux-Couturier, S. e Fronteau, G. *Les Meules Du Néolithique à l'époque médiévale : Technique, Culture, Diffusion*. Artheis Éditions, pp. 461-478.
- Ayán Vila, X. M.; Costa Casais, M.; Tallón Armada, R.; Rodríguez Martínez, R. M<sup>a</sup>. e Franco Fernández, M. A. 2011. Redescubriendo o Castro Pequeno de Neixón (Boiro, A Coruña). Nuevos resultados de la campaña arqueológica de 2008. *Férvedes*, 7, pp. 159-168.
- Broz Rodríguez, X. 1998. Unhas primeiras contribucións respecto ó estudio dun obxecto lítico: a rodela do Castro de Vilamor (Toques). *Boletín do Centro de Estudos Melidenses-Museo Terra de Melide*, 11, pp. 10-15.

- Cano Pan, J. A.; Piay Augusto, D. e Naveiro López, J. L. 2015. *Un yacimiento ceremonial en la transición del Bronce al Hierro: Ventosiños (Coeses, Lugo)*. *Arqueoloxía do Noroeste*.
- Cerdeño, M<sup>a</sup> L.; Chordá, M. e Burillo, F. 2014. Molinos en Celtiberia: estado de la cuestión. *Revista d'arqueologia de Ponent*, 24, pp. 257-270.
- Criado Boado, F. e Cabrejas Domínguez, E. *Obras públicas e patrimonio: estudo arqueolóxico do corredor do Morrazo. TAPA (Traballos de Arqueoloxía e Patrimonio)*, 35. Santiago de Compostela:
- Bonilla Rodríguez A. e César Vila, M. 2005. Calcolítico: Monte dos Remedios, pp. 55-58.
- Gianotti García, C. e Cancela Cereijo, C. 2005. Neolítico Final: Montenegro. Testemuña da ocupación humana durante o Neolítico Final e o período Alto-Medieval na península do Morrazo, pp. 50-54.
- Lima Oliveira, E. 2005. Neolítico Inicial / Medio: O Regueiriño, pp. 44-49.
- Prieto Martínez, M<sup>a</sup> P.; Tabarés Domínguez, M. e Baqueiro Vidal, S. 2005. Estudo da cultura material de O Regueiriño, pp. 125-130.
- Tabarés Domínguez, M. e Baqueiro Vidal, S. 2005. Estudo da cultura material do xacemento de Montenegro, pp. 117-119.
- Vázquez Liz, P. 2005. Idade do Bronce: Devesa de Abaixo – Os Torradoiros, pp. 63-69.
- Cobas Fernández, M<sup>a</sup> I. e Prieto Martínez, M<sup>a</sup> P. 1998. Criterios y convenciones para la gestión y el tratamiento de la cultura material mueble. *CAPA (Cadernos de Arqueoloxía e Patrimonio)*, 7. Grupo de Investigación en Arqueología del Paisaje, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 1-81.
- Dumas, A.; Castro González, M<sup>a</sup> G. e Prieto Martínez, M<sup>a</sup> P. 2024. L'invisibilité du registre funéraire du Bronze final dans le nord-ouest de la péninsule Ibérique: une

illusion? *Hiatus, lacunes et absences: identifier et interpréter les vides archéologiques*, pp. 151-170.

- Fábregas Valcarce, R. 1992. *Megalitismo del noroeste de la península Ibérica: tipología y secuencia de los materiales líticos*. Serie Aula Abierta 58. Madrid, UNED (Universidad Nacional de Educación a Distancia).
- Fábregas Valcarce, R. e de la Fuente Andrés, F. 1988. *Aproximaciones a la cultura material del Megalitismo gallego: la industria lítica pulimentada y el material cerámico*. *Arqueohistórica*, 2. Santiago de Compostela, Tórculo Artes Gráficas.
- Lackinger, A. 2014. Una aproximación experimental al empleo de la esteatita en la metalurgia prehistórica, en González de la Fuente, F. J.; Paniagua Vara, E. e de Inés Sutil, P. *Investigaciones Arqueológicas en el valle del Duero. Del Paleolítico a la Antigüedad Tardía: actas de las III Jornadas de Jóvenes Investigadores del Valle del Duero Salamanca 20, 21 y 22 de noviembre de 2013*. *Glyphos*, pp. 343-357.
- Lima Oliveira, E. e Prieto Martínez, M<sup>a</sup> P. 2002. *La Arqueología en la gasificación de Galicia 16: Excavación del yacimiento de Monte Buxel. TAPA (Traballos de Arqueoloxía e Patrimonio) 27*. Santiago de Compostela.
- Nodar Nodar, C. e Vidal Caeiro, L. 2016. *Memoria Técnica Final de la Excavación Arqueológica en Área en los yacimientos de Vilamerelle (Pks 0+000-0+650) y A Fontela (Pks 0-020-0-280)*. Zeta Arqueoloxia,. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- Nonat, L., Prieto Martínez, M<sup>a</sup> P. e Vázquez Liz, P. 2022. Les contextes funéraires et le dynamisme culturel du nord-ouest de la péninsule Ibérique entre le XVIII siècle et le VIII siècle avant J.-C., en Nonat, L. e Prieto Martínez, M<sup>a</sup> P. (eds.) *Funerary practices in the second half of the second millennium BC in continental Atlantic Europe: from Belgium to the north of Portugal*. Oxford, Archaeopress Archaeology, pp. 128-156.

- Pereira Martínez, X. 2023. *Espazos de moenda e de representación na prehistoria recente e protohistoria do Miño litoral (noroeste ibérico)*. Tese de doutoramento inédita. Universidade de Santiago de Compostela.
- Pereira Martínez, X.; Méndez-Quintas, E. e Prieto Martínez, M<sup>a</sup> P. 2022. Un elemento singular dentro de la Prehistoria Reciente del noroeste peninsular: los equipos de molienda rupestre. *SPAL: Revista de prehistoria y arqueología de la Universidad de Sevilla*, 31, pp. 113-139.
- Prieto Martínez, M<sup>a</sup> P. 2024. *Memoria técnica: Proxecto de actuación arqueolóxica de investigación e documentación do xacemento arqueolóxico do Corro dos Mouros / O Castrillón / Os Curros – GA27028042 – (Santa María Magdalena de Adai, Lugo)*.
- Prieto Martínez, P. e Cordeiro Maañón, L. 2021. Ritual Sites from the Second Millennium BC in the North West of Spain, en Nonat, L. e Prieto Martínez, M<sup>a</sup> P. (eds.) 2022. *Funerary practices in the second half of the second millennium BC in continental Atlantic Europe: from Belgium to the north of Portugal*. Archaeopress Archaeology, pp. 187-199.
- Rodríguez Díaz, A.; Pavón Soldevila, I.; Duque Espino, D. M. e Ponce de León Iglesias, M. 2014. Molinos y molienda en el mundo tartésico: el Guadiana y Tajo Medios. *Revista d'Arqueologia de Ponent*, 24, pp. 189-214.
- Sánchez Polo, A. 2012. Depósitos de cerámicas, molinos y elementos de hoz.: Una propuesta de la Edad del Bronce del interior peninsular desde la arqueología posprocesual. *ArkeoGazte: Revista de arqueología-Arkelogia aldizkaria*, 2, pp. 73-93.
- Teira-Brión, A. e Amado Rodríguez, E. 2014. Molinos fuera de lugar. Fronteras y contextos de la molienda en la arqueología de la Edad del Hierro del noroeste ibérico. *Revista d'Arqueologia de Ponent*, 24, pp. 271-287.
- Vázquez Liz, P.; Prieto Martínez, M<sup>a</sup> P. e Núñez Jato, J. P. 2015. El pasado olvidado: El sitio del II y I Milenio BC de Pena Fita (Adai, Lugo) en el contexto de las 'longhouses' del NW peninsular. *Gallaecia*, 34, pp. 9-56.

## **Índice de figuras**

**Figura 1.** Localización de O Corro dos Mouros no conxunto dos sitios tipo “roda” coñecidos. (p. 6)

**Figura 2.** Algúns dormentes documentados na escavación. (p. 18)

**Figura 3.** Mans de muíño, machacadores, alisador e posible morteiro. (p. 20)

**Figura 4.** Cantos e núcleos. (p. 21)

**Figura 5.** Discos. (p. 23)

**Figura 6.** Rodelas. (p. 24)

## **Índice de gráficas**

**Gráfica 1.** Material arqueológico documentado. (p. 69)

**Gráfica 2.** Materia prima lítica. (p. 69)

**Gráfica 3.** Restos de queimado. (p. 70)

**Gráfica 4.** Tipos de elementos. (p. 70)

**Gráfica 5.** Distribución da lítica por UEs e fases. (p. 70)

**Gráfica 6.** Elementos de moenda. (p. 70)

## ANEXOS

### ANEXO I: Táboas de inventario

#### Elementos de moenda

Código/sigla	Fase	Materia prima	Tipo de elemento	Lonxitude (mm)	Anchura (mm)	Grosor (mm)	Peso (g)	Forma planta	Forma sección
SC24/203/59	Recente	Gneis	Dormente de muíño	145	112	65	1759	Rectangular seccionada irregular	Rectangular mixta
SC24/205/64	Construción	Gneis	Dormente de muíño	135	115	64	1779	Cuadrangular seccionada irregular	Rectangular redondeada
SC24/209/100	Abandono	Gneis	Dormente de muíño	154	130	50	1440	Cuadrangular irregular	Rectangular angulosa
SC24/214/111	Construción	Gneis	Dormente de muíño	80	90	43	448,5	Ovalada seccionada moi irregular	Rectangular mixta
SC24/219/221	Abandono	Gneis	Dormente de muíño	116	82	35	543,7	Rectangular seccionada irregular	Rectangular mixta
SC24/226/299	Construción	Gneis	Dormente de muíño	210	140	50	2524	Rectangular seccionada moi irregular	Rectangular redondeada
SC24/221/644	Abandono	Gneis	Dormente de muíño	132	81	85	894,4	Rectangular seccionada irregular	Rectangular irregular redondeada
SC24/221/645	Abandono	Gneis	Dormente de muíño	155	110	75	2334	Rectangular seccionada irregular	Rectangular angulosa
SC24/221/650	Abandono	Gneis	Dormente de muíño	125	91	72	1210	Rectangular seccionada irregular	Rectangular redondeada
SC24/221/651	Abandono	Gneis	Dormente de muíño	200	125	43	1753	Rectangular seccionada irregular	Rectangular mixta

SC24/221/681	Abandono	Gneis	Dormente de muñño	189	154	40	1813	Rectangular seccionada irregular	Rectangular mixta
SC24/225/896	Abandono	Gneis	Dormente de muñño	183	140	70	2888	Cuadrangular seccionada irregular	Rectangular irregular angulosa
SC24/221/931	Abandono	Gneis	Dormente de muñño	140	115	55	1544	Cuadrangular seccionada irregular	Ovalada redondeada
SC24/221/1005	Abandono	Gneis	Dormente de muñño	122	111	35	700,2	Cuadrangular seccionada irregular	Rectangular mixta
SC24/224/1104	Uso	Gneis	Dormente con cazoleta	365	300	45	8700	Rectangular seccionada irregular	Rectangular mixta
SC24/220/1119	Construcción	Granito	Dormente de muñño	164	120	55	1910	Rectangular seccionada moi irregular	Rectangular angulosa
SC24/220/1200	Construcción	Gneis	Dormente/aparelo	134	124	45	1061	Rectangular seccionada moi irregular	Rectangular irregular angulosa
SC24/234/1231	Construcción	Gneis	Dormente de muñño	123	95	80	1759	Rectangular seccionada irregular	Rectangular redondeada
SC24/224/1317	Uso	Gneis	Dormente de muñño	145	112	55	1358	Cuadrangular seccionada irregular	Rectangular redondeada
SC24/229/1446	Uso	Gneis	Dormente de muñño	140	94	65	1663	Rectangular seccionada irregular	Rectangular mixta
SC24/229/1491	Uso	Gneis	Dormente de muñño	120	90	46	923,1	Rectangular seccionada irregular	Rectangular irregular redondeada
SC24/239/1572	Construcción	Granito	Dormente de muñño	210	165	65	4400	Rectangular seccionada irregular	Rectangular mixta

SC24/239/1573	Construcción	Gneis	Dormente de muñño	175	101	46	1522	Rectangular seccionada irregular	Rectangular mixta
SC24/239/1574	Construcción	Gneis	Dormente/calzo	270	155	85	4900	Rectangular seccionada irregular	Rectangular mixta
SC24/238/1575	Construcción	Granito	Dormente/calzo	190	145	50	2006	Rectangular seccionada irregular	Rectangular irregular angulosa
SC24/238/1576	Construcción	Granito	Dormente/calzo	163	124	55	1842	Rectangular seccionada irregular	Rectangular angulosa
SC24/238/1577	Construcción	Granito	Dormente/calzo	214	150	60	3000	Rectangular seccionada irregular	Rectangular angulosa
SC24/224/1578	Uso	Gneis	Dormente de muñño	380	200	90	14600	Ovalada seccionada irregular	Rectangular mixta
SC24/224/1579	Uso	Granito	Dormente/indeterminado	300	155	120	10200	Rectangular seccionada irregular	Rectangular angulosa
SC24/235/1769	Uso	Gneis	Dormente de muñño	224	173	55	3700	Rectangular seccionada irregular	Rectangular mixta
SC24/254/1848	Construcción	Gneis	Dormente de muñño	115	65	30	330,6	Rectangular seccionada irregular	Rectangular angulosa
SC24/256/1909	Construcción	Gneis	Dormente de muñño	123	104	35	772,7	Rectangular seccionada	Ovalada irregular redondeada
SC24/256/1910	Construcción	Gneis	Dormente de muñño	108	87	57	762	Cuadrangular seccionada irregular	Rectangular mixta

SC24/256/1911	Construcción	Gneis	Dormente de muñño	152	151	80	3243	Rectangular seccionada irregular	Rectangular redondeada
SC24/256/1912	Construcción	Granito	Dormente de muñño	149	130	65	1940	Cuadrangular seccionada irregular	Rectangular redondeada
SC24/256/1915	Construcción	Granito	Dormente de muñño	135	84	45	746,7	Ovalada seccionada moi irregular	Ovalada angulosa
SC24/256/1917	Construcción	Granito	Dormente de muñño	225	181	125	6500	Triangular seccionada irregular	Rectangular mixta
SC24/241/2015	Construcción	Gneis	Dormente de muñño	235	145	80	8200	Rectangular seccionada irregular	Rectangular mixta
SC24/203/57	Recente	Gneis	Man de muñño	115	94	40	535,5	Ovalada seccionada irregular	Ovalada redondeada
SC24/205/66	Construcción	Granito	Man de muñño	110	108	35	600	Cuadrangular seccionada moi irregular	Rectangular irregular angulosa
SC24/209/81	Abandono	Gneis	Man de muñño / aparato	102	95	45	675,7	Cuadrangular irregular	Rectangular angulosa
SC24/209/92	Abandono	Granito	Man de muñño	115	75	43	507,2	Ovalada seccionada irregular	Ovalada angulosa
SC24/214/112	Construcción	Gneis	Man de muñño	72	60	23	141,5	Cuadrangular seccionada moi irregular	Rectangular mixta

SC24/216/125	Construcción	Granito	Man de muño	106	87	50	772,1	Ovalada regular	Ovalada redondeada
SC24/221/370	Abandono	Gneis	Man de muño / aparelo	104	102	45	836,7	Cuadrangular seccionada irregular	Rectangular mixta
SC24/221/646	Abandono	Gneis	Man de muño	120	105	35	615,9	Ovalada irregular	Ovalada redondeada
SC24/221/647	Abandono	Granito	Man de muño	101	96	40	477,2	Circular seccionada moi irregular	Ovalada irregular angulosa
SC24/221/648	Abandono	Gneis	Man de muño/ machacador	53	46	36	158,2	Cuadrangular seccionada irregular	Ovalada mixta
SC24/221/649	Abandono	Gneis	Man de muño/ machacador	58	42	31	138,2	Rectangular seccionada irregular	Rectangular mixta
SC24/221/1006	Abandono	Granito	Man de muño	114	93	51	724,8	Ovalada irregular	Ovalada redondeada
SC24/234/1232	Construcción	Granito	Man de muño	109	90	32	476,5	Cuadrangular seccionada irregular	Rectangular mixta
SC24/220/1442	Construcción	Gneis	Man de muño/ machacador	145	76	75	1382	Ovalada seccionada irregular	Ovalada irregular redondeada
SC24/221/401	Abandono	Gneis	Elemento asociado a triturado	124	122	60	1500	Circular irregular	Ovalada redondeada
SC24/221/682	Abandono	Gneis	Machacador	120	81	30	377,7	Triangular seccionada regular	Ovalada redondeada

SC24/256/1913	Construcción	Gneis	Machacador	115	105	62	981,6	Ovalada seccionada irregular	Ovalada redondeada
SC24/235/1495	Uso	Gneis	Alisador	90	63	35	384,6	Rectangular seccionada irregular	Rectangular irregular redondeada

Código/sigla	Fase	Materia prima	Tipo de elemento	Pegadas de fabricación	Pegadas de uso	Bordes/canto	Nº caras activas	Reutilización /2º uso	Tipoloxía xeral	Tipoloxía específica	Conservación en fractura
SC24/203/59	Recente	Gneis	Dormite de muíño	Puído	Posible abrasión na cara activa	Redondeado	Unha		Barquiforme/plano	De soporte plano	Arestas redondeadas
SC24/205/64	Construcción	Gneis	Dormite de muíño	Puído	Posible abrasión nunha das caras, e rozamento no canto	Redondeado	Unha		Barquiforme	De soporte plano	Arestas redondeadas
SC24/209/100	Abandono	Gneis	Dormite de muíño	Puído	Abrasión nunha das súas caras	Fracturado	Unha		Barquiforme	De soporte plano	Arestas redondeadas
SC24/214/111	Construcción	Gneis	Dormite de muíño	Puído	Rozamento no canto, e posible nunha das caras	Redondeado	Unha		Barquiforme	Soporte de tendencia convexa	Arestas redondeadas
SC24/219/221	Abandono	Gneis	Dormite de muíño	Puído		Redondeado	Unha		Barquiforme	De soporte plano	Arestas redondeadas
SC24/226/299	Construcción	Gneis	Dormite de muíño	Puído	Abrasión ou rozamento nun dos extremos	Plano	Unha	Posible reutilización como material construtivo	Barquiforme	De soporte plano	Arestas redondeadas
SC24/221/644	Abandono	Gneis	Dormite de muíño	Puído	Abrasión nunha das súas caras	Fracturado	Dúas (posible)		Barquiforme	De soporte plano	Arestas redondeadas
SC24/221/645	Abandono	Gneis	Dormite de muíño	Puído	Posible abrasión nunha das caras	Fracturado	Unha		Barquiforme	De soporte plano	Arestas redondeadas
SC24/221/650	Abandono	Gneis	Dormite de muíño	Puído	Posible rozamento nun dos extremos	Redondeado	Unha		Barquiforme	De soporte plano	Arestas redondeadas

SC24/221/651	Abandono	Gneis	Dormente de muíño	Puído	Posibles restos de rozamento nunha das caras	Fracturado	Unha		Barquiforme	Soporte de tendencia cóncava	Arestas redondeadas
SC24/221/681	Abandono	Gneis	Dormente de muíño	Puído	Posible abrasión nunha das caras	Fracturado	Unha		Barquiforme	Soporte de tendencia cóncava	Arestas redondeadas
SC24/225/896	Abandono	Gneis	Dormente de muíño	Puído	Posible rozamento nunha das caras	Fracturado	Unha	Posible reutilización como material construtivo	Barquiforme	De soporte plano	Arestado mixto
SC24/221/931	Abandono	Gneis	Dormente de muíño	Puído	Abrasión nunha das súas caras	Plano	Unha		Barquiforme	De soporte plano	Arestas redondeadas
SC24/221/1005	Abandono	Gneis	Dormente de muíño	Puído	Posible abrasión nunha das caras, e rozamento no canto	Fracturado	Dúas (posible)		Barquiforme	De soporte plano	Arestas redondeadas
SC24/224/1104	Uso	Gneis	Dormente con cazoleta	Puído	Posible pequeno rozamento nunha das caras, xunto cunha cazoleta	Fracturado	Unha		Barquiforme/ plano	De soporte plano	Arestas redondeadas
SC24/220/1119	Construción	Granito	Dormente de muíño	Puído	Abrasión nunha das caras	Redondeado	Unha		Barquiforme/ plano	De soporte plano	Arestas redondeadas
SC24/220/1200	Construción	Gneis	Dormente/aparell o	Puído	Abrasión nunha das súas caras	Fracturado	Unha	Posible reutilización como material construtivo	Barquiforme/ plano	De soporte plano	Arestas redondeadas
SC24/234/1231	Construción	Gneis	Dormente de muíño	Puído	Rozamento no canto e posible nunha das caras	Redondeado	Unha		Barquiforme/ plano	De soporte plano	Arestado mixto
SC24/224/1317	Uso	Gneis	Dormente de muíño	Puído	Posible abrasión nun dos extremos	Redondeado	Unha		Barquiforme	De soporte plano	Arestas redondeadas
SC24/229/1446	Uso	Gneis	Dormente de muíño	Puído	Posible abrasión ou rozamento, tanto nunha das caras como no canto	Fracturado	Unha		Barquiforme	Soporte de tendencia convexa	Arestas redondeadas

SC24/229/1491	Uso	Gneis	Dormente de muíño	Puído	Abrasión nunha das súas caras	Fracturado	Dúas (posible)		Barquiforme	De soporte plano	Arestas redondeadas
SC24/239/1572	Construción	Granito	Dormente de muíño	Posible puído	Abrasión nunha das súas caras	Fracturado	Unha		Barquiforme	De soporte plano	Arestado mixto
SC24/239/1573	Construción	Gneis	Dormente de muíño	Puído	Posible abrasión nunha das caras, e posible machacado	Plano	Unha		Barquiforme	De soporte plano	Arestas redondeadas
SC24/239/1574	Construción	Gneis	Dormente/calzo	Puído	Posible rozamento nunha das caras	Fracturado	Unha	Posible reutilización como material construtivo (calzo)	Barquiforme	De soporte plano	Arestas redondeadas
SC24/238/1575	Construción	Granito	Dormente/calzo	Puído	Posible abrasión nunha das caras	Fracturado	Unha		Barquiforme	De soporte plano	Arestado mixto
SC24/238/1576	Construción	Granito	Dormente/calzo	Posible puído	Posible abrasión nunha das caras	Fracturado	Unha		Barquiforme	De soporte plano	Arestas vivas
SC24/238/1577	Construción	Granito	Dormente/calzo	Posible puído	Posible abrasión nunha das caras	Fracturado	Unha		Barquiforme	De soporte plano	Arestado mixto
SC24/224/1578	Uso	Gneis	Dormente de muíño	Puído	Posible rozamento nunha das caras	Plano	Unha		Barquiforme/ artesa	De soporte plano	Arestas redondeadas
SC24/224/1579	Uso	Granito	Dormente/indeterminado		Posible abrasión nunha das caras	Fracturado	Unha		Barquiforme/ artesa	De soporte plano	Arestas vivas
SC24/235/1769	Uso	Gneis	Dormente de muíño	Puído	Abrasión nunha das caras	Fracturado	Unha		Barquiforme	De soporte plano	Arestado mixto
SC24/254/1848	Construción	Gneis	Dormente de muíño	Puído	Posible rozamento ou abrasión nunha das caras	Fracturado	Unha		Barquiforme/ plano	De soporte plano	Arestado mixto
SC24/256/1909	Construción	Gneis	Dormente de muíño	Puído		Fracturado	Unha		Barquiforme	De soporte plano	Arestas redondeadas

SC24/256/1910	Construción	Gneis	Dormente de muíño	Puído	Posible rozamento no canto e nunha das caras	Plano	Dúas (posible)		Barquiforme	De soporte plano	Arestas redondeadas
SC24/256/1911	Construción	Gneis	Dormente de muíño	Puído	Abrasión nas dúas caras (activas), e posible piqueteado ou machacado nunha das caras	Redondeado	Dúas (posible)		Barquiforme	De soporte plano	Arestado mixto
